

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 7 DE ABRIL DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a sete de abril de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as once horas deuse inicio

á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### **1.- ACTA ANTERIOR**

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 1 de abril de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### **2.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA**

Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

Proxecto técnico da obra de **“PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN PEDROSO-GURGUEIRO. CONCELLOS DE RODEIRO E AGOLADA”**, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Don Román Gómez Fraiz, con data setembro de 2025, cun importe global de

CINCUENTA E OITO MIL SETECENTOS VINTE E UN EUROS CON SESENTA E DOUS CÉNTIMOS (58.721,62 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes conceptos:

✓	Execución por contrata:	53.342,55 €
✓	Honorarios de proxecto:	2.241,28 €
✓	Dirección de obra	2.241,28 €
✓	Coordinación de seguridade e saúde	896,51 €

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido pola técnica municipal de Urbanismo Dona Alejandra Fernández-Gago Longueira con data 14/10/25, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado, condicionado á obtención das autorizacións sectoriais pertinentes segundo o informado pola técnica municipal.

### ***3.- CONTRATACIÓN DE DÚAS (2) TRABALLADORAS AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2026 (LIÑA 3)***

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 4 de marzo do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación de dous (2) postos de traballo subvencionados ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego 2026.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as aos postos de traballo ofertados, correspondente ao perfil profesional de técnico/a en Educación Infantil (RS núm. 151, do 24/03/26). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello os/as seguintes candidatos/as:

Técnico/a en Educación Infantil (oferta núm. [REDACTED])

- Corbal Cangado, Sara
- Diéguez Eiriz, Roi
- Fernández González, Belén
- López Taboada, Soraya

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse aos/ás candidatos/as preseleccionados/as un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación os/as seguintes candidatos/as:

- Corbal Cangado, Sara (RE núm. 343, do 27/03/26).
- Fernández González, Belén (RE núm. 348, do 30/03/26).
- López Taboada, Soraya (RE núm. 351, do 30/03/26).

O proceso selectivo desenvolveuse o día 6 de abril do corrente, co seguinte resultado:

CANDIDATA	PUNTUACIÓN TOTAL
BELÉN FERNÁNDEZ GONZÁLEZ	3,05
SARA CORBAL CANGADO	2,55
SORAYA LÓPEZ TABOADA	1,70

O Tribunal cualificador efectúa proposta de contratación a favor das seguintes dúas candidatas que obtiveron a maior puntuación no proceso selectivo: Belén Fernández González e Sara Corbal Cangado.

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada polo Tribunal cualificador e debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo parcial (25 horas/semana), por un período de oito (8) meses e vinte e catro (24) días, das traballadoras que deseguido se sinalan:

### Técnicas en Educación Infantil

NOME E APELIDOS	DNI
BELÉN FERNÁNDEZ GONZÁLEZ	██████████
SARA CORBAL CANGADO	██████████

RESERVA:

SORAYA LÓPEZ TABOADA

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

### **4.- FACTURAS E PAGOS**

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 91,02 €, 0,00 € E 0,00 €  
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-D6M0-012601, 28-D6DD-026126 e 28-D6DD-069618 (FACe).
- FERRODEIRO S.L. 1.293,08 €  
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. VG/26-000531.
- PABLO GARCÍA PAIS 725,06 €  
Por traballos de reparación de diversa maquinaria municipal, s/factura núm. S-202500038.
- FELIPE LÓPEZ CORRAL 4.343,90 €  
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 921.
- FELIPE LÓPEZ CORRAL 281,93 €  
Por traballos de instalación de bomba dosificadora de cloro no depósito de abastecemento de Gurgullóns, s/factura núm. 920.

- PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS S.L.U. 2.772,21 €

Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 5626202668000345 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)